

NOTA INFORMATIVA 7/4/2022

EXPOSICIÓN DUNHA NOVA OBRA DO DEPÓSITO DO *MUSEO NACIONAL DEL PRADO* NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Na sala de arte sacro (planta baixa nº 6) incorporouse unha nova obra que aumenta a exposición pública de bens mobles do Museo do Prado en Lugo.

Despois dun proceso de restauración realizado por Blanca Besteiro García, restauradora do MPL, supervisado por María López Villarejo, restauradora de pintura do museo estatal, a obra titulada “Cabeza de apóstolo” atribuída ao taller de Guido Reni datada nos século XVII, pode contemplarse nesta institución museística.

Este traballo é froito da cordial colaboración institucional entre ambos museos coordinada entre o Servizo de Depósitos e de restauración do MNP, e a dirección do MPL.

Para contextualizar este feito e amosar o traballo de restauración realizado, teremos tamén unha charla divulgativa a tal efecto programada para o venres 8 de abril ás 20:00 h. no Museo Provincial de Lugo que será impartida por Blanca Besteiro García e introducida por Aurelia Balseiro García:


“Proceso de restauración da pintura Cabeza de Apóstolo, Depósito do Museo Nacional do Prado no MPL”

Contido:

Relatorio técnico sobre o proceso da intervención de restauración efectuada na pintura ao óleo sobre lenzo *Cabeza de Apóstolo*, depositada en 1940 polo Museo Nacional do Prado no Museo Provincial de Lugo.

A obra permanecía na área de reserva de Belas Artes do MPL, debido ao seu estado de conservación ata que se procedeu coa restauración autorizada polo Departamento de Restauración do Museo do Prado e coordinado e supervisado por María Villarejo. Na charla verase a situación inicial, as técnicas e medidas implementadas e o espléndido resultado, servindo tamén como divulgación do traballo técnico realizado acotío nos museos.

DATOS DA OBRA:

Nº de Catálogo do Museo Nacional do Prado: P00223		
Nº de Rexistro MPL: 1055		
Nº de orde MPL: P-0787		
Autor: Anónimo. Escola italiana. Atribuída ao taller de Guido Reni		
Datación: Século XVII		
Título: Cabeza de apóstolo		
Técnica/Soporte: Óleo/ lenzo		
Medidas: 61 x 45 cm.		
Ubicación: Museo Provincial de Lugo. Sala 6		
Disposición legal inicial do Depósito: Orde Ministerial do 31 de xullo de 1940		

Aurelia Balseiro García

Directora Museo Provincial de Lugo

Máis información: [dirección@museolugo.org](mailto:direccion@museolugo.org) 982242112